



Pilar Pallarés: “O poemario é unha nova versión da miña obsesión polos procesos de destrución e rexeneración, ou talvez outra tentativa de que a palabra salve”

[Montse Dopico](#) 18 de xaneiro de 2019

<https://praza.gal/cultura/pilar-pallares-o-poemario-e-unha-nova-version-da-mina-obsesion-polos-procesos-de-destrucion-e-rexeneracion-ou-talvez-outra-tentativa-de-que-a-palabra-salve>

A casa nova, símbolo da procura dunha vida mellor para uns pais de clase traballadora, foi un soño efémero. Derruída ao pouco de ser fundada, pouco máis deixou ca cascallos. Ruínas. Refugалlos. Ou a tumba dos ósos dos animais. Porque nada parece permanecer no tempo que habitamos. Malia que, quizais, nada se destrúa definitivamente. Porque todo se rexenera, regresa, dalgún xeito. Nestas claves móvese ‘Tempo fósil’ (Chan da Pólvora), o último libro da poeta Pilar Pallarés.

A autora explorara xa o paso do tempo e os procesos de destrución e rexeneración que entraña nos seus anteriores libros. En ‘Sétima soidade’ enfrontaba o baleiro, a nada. Asumindo o ser humano como ser limitado, en tránsito. ‘Livro das devoracións’ afirmaba, porén, a vida. A vida como tránsito cara á morte. A morte como tránsito cara á vida. ‘Leopardo son’ chamaba a “atreverse a vivir fóra dos propios límites, fóra da fronteira”. En ‘Tempo fósil’ continúa a asunción dos ciclos de destrución-construción, de morte-vida, e de aí, quizais, a calma. Coma nun círculo que volve confluír con ‘Sétima soidade’. Falamos con Pallarés, que respondeu as nosas preguntas por correo electrónico.

“Da ruína da razón nace a palabra/ que busca regresar, romper o cerco”. Por que nace a palabra da ruína da razón? Que relación hai entre estes versos e a túa decisión de publicar pouco (pasaron 7 anos desde a última vez)?

A palabra esixe nacer “da ruína da razón” para non estar predeterminada por esta, isto é, coutada pola lóxica das relacións causa-efeito, polos límites espaciais e temporais, pola moral de todo tipo. Ten que ver con escribir, (máis que publicar) pouco?

Seguramente, porque non é doado para min libertarme da razón. Deixo que ideas, sensacións e intuicións vaian levedando até que unha imaxe que parece chegar por si soa de algures ou un

ritmo sexan o detonante do poema, co mínimo control da razón. O discurso que desta xorde é sempre previsíbel.

Neste mesmo primeiro poema do libro pode lerse: “o incendio da memoria/ mentres se parte o esternón da casa”. O libro nace do feito da destrución da casa familiar con motivo da ampliación do aeroporto de Alvedro. Que te impulsou a escribir nese momento?

A casa foi derrubada, con outras setenta, a finais de 2011. Eu acababa de publicar naquel momento *‘Leopardo son’* e literariamente andaba noutros territorios, mais escribín entón tres poemas que co tempo foron o xerme do libro. Un deles é o que o abre, e non tiña outro obxecto que fixar na memoria, para min, algo do que desaparecía coa casa, neste caso as árbores e plantas da horta e do xardín, seres vivos ignorantes da destrución á que estaban destinados.

Outro é o que comeza “Soña / un fémur co seu can”. Ten a ver cun texto en prosa que preguntaba “onde estarán os ósos dos animais da casa?”, os que facían da horta un pequeno camposanto. Os dous poemas ficaron aí, e só varios anos despois deron orixe ao poemario.

“Aquí os nenos nunca xogaron a atopar tesouros./ Eles eran os primeiros poboadores/ e este só chan de exilio./ Raíces, como moito”, di o terceiro poema. Por que era aquel lugar “chan de exilio” para os nenos?

Porque a construción da casa nun terreo herdado, nunha leira na aba dun val, sen viciños, sen outros nenos, foi o primeiro desterro. Talvez por iso non hai nostalxia no libro, porque o que desaparece é un lugar en moitos aspectos odiado.

Doi a “morte” da casa porque é o soño dunha vida mellor para os pais, porque apenas fundada xa é condenada á desaparición, porque nada parece deixar rasto. Doi tamén a condena de todos os seres vivos non necesariamente humanos que a poboan e que son arrasados.

O libro está cheo de imaxes da ruína, (ou do fósil, o resto) que queda despois da destrución. E penso que non é só pola destrución da casa. En que sentido é este libro iso, resposta á destrución, en xeral?

En realidade a destrución da casa é, en parte, unha cortina de fume, porque na base está a destrución da familia. En todo caso, non é máis que unha nova versión da miña obsesión polo tempo e os procesos de destrución e rexeneración, ou talvez a tentativa, unha vez máis, de que a palabra salve.

O título naceu dun verso e a imaxe deste, o “tempo fósil”, non foi pensada ou calculada, senón que apareceu, revelouse. Ao mellor estame a dicir que nada se destruí definitivamente, que todo se rexenera e regresa, que dentro do aparentemente inerte hai unha faísca que condensa a vida.

A terra está moi presente no libro. Como algo, por exemplo, que si queda. Aínda que nada, ou pouco, poida construírse sobre ela. (De feito, pode ser o que nos tapa cando morremos). Que é a terra neste poemario? E o mar?

A terra é a que cobre os ósos dos animais da casa no camposanto da horta; a que na eira da primeira infancia, anterior ao exilio, reservaba para os nenos tesouros (os anacos de louza de vidas anteriores, dun tempo no que prendía o noso); a do inmenso terraplén que converteu o mundo en tumba.

Agora caio en que no libro está efectivamente a idea de que nada se pode construír sobre ela. Nada hai sobre ela, senón baixo ela. O mar só aparece unha vez, non? Adivíñase no alén dos outeiros que encerran o val, non sei se como intuición do que hai despois da destrución.

“E ASÍ VINGAR a infancia, ser nai para matar a nai”, di un dos poemas. No poemario está a infancia, e as figuras da nai e do pai. En que sentido? Por que a nai non ri, non canta e estra espenucas que mancan?

Os meus amigos saben, ao ler o libro, que estou a falar da destrución da familia, aínda que o disimule. E, non sei, a casa é a construída polo pai coas propias mans, mais iso só me importa a min. Son os meus pais, mais tamén representan o soño fundador dunha vida mellor das clases populares e a súa insignificancia para o poder económico, ou ao mellor a imposibilidade de fundar e deixar memoria neste tempo histórico.

A nai que nen ri nen canta non é a nai, senón a nai da nai, isto é, a avoa. É a nai a que quere vingar a súa infancia. Xa sei que colide con tanta poesía sobre xenealoxías femininas e demais, pero é o que hai.

“A túa dor é o estadio primeiro da súa dor,/ unha forma embrionaria”, di outro dos poemas. Este poema, e outros coma os dous de ‘Ayotzinapa’, convidan especialmente a unha lectura política do poemario. En que sentido?

Escrebín varios poemas do libro en 2015, convalecente na miña casa e impactada polas mil imaxes dos (aspirantes a) refuxiados sirios a tentaren entrar en Europa. Teño arquivadas moitas fotografías.

A perda dunha casa é só un minúsculo ingrediente da dor inmensa que eles experimentaron e experimentan. Hai estratos na dor, e algúns son só iniciais. E, ao mesmo tempo, a dor terríbel provocada por unha guerra, non chega a abolir as pequenas, as que se manifestan como desencanto, desacougo, tedio. Están aí, atravesando a grande dor.

“Malditos os ecos subrepticios da beleza”, di outro poema. En conexión con outro que fala da beleza de flores inútiles: os pais teñen un xardín no que medran flores. Como nun soño de progreso (ter un xardín en vez dunha leira). Noutro poema está o luz de verán coa súa beleza inútil. Eco e sombra son tamén ideas que se repiten no poemario... Por que? Por que a voz poética se afasta do engano da beleza, ou do eco?

A voz poética rexeita “as mañas de ourives” da palabra porque a literatura embelece sempre, na medida en que dá un sentido ao que só é caos, en que estrutura, depura e prescinde do irrelevante.

E de irrelevancias e refugallo está feita a vida, non si? Mais o poema é sobre todo a miña revolta contra un ritmo, o do hendecasílabo, que me tiraniza e que me couda á hora de escribir, porque o poema esixe moitas veces máis violencia ou máis desacougo.

“Cortesía da morte, / vida,/ cunha semente de tempo xermolando dentro”, di outro dos poemas. O paso do tempo, a morte (e a vida), están moi presentes tamén neste poemario. Non hai algo un ollar nostálgico ao pasado (á infancia). Nin hai excesiva confianza no futuro (ao que se chama desfuturo). Hai máis ben, se cadra, unha aceptación da vida como tránsito cara á morte. Por que?

A vida como un tránsito cara á morte e a morte como tránsito cara á vida, dentro dun proceso de destrución e rexeneración. Nada moi diferente do que sustentaba o *‘Livro das devoracións’*, por exemplo.

“Esta inercia de ser non é vida”, dicía o primeiro verso de ‘Leopardo son’. No limiar deste libro, Eva Veiga falaba de “fame de ser”, o cal implicaba transformación, metamorfose, “resistencia do que debe morrer” e “temor do que virá”. Non podo evitar relacionalo con ‘Tempo fósil’ e coa súa reflexión sobre o que se destrúe, o que non permanece, deixando que abrolle algo que, tamén, nos asusta. Cal é a conexión entre ‘Leopardo son’ e ‘Tempo fósil’ nese sentido?

Acabo de mencionar o *‘Livro das devoracións’* e podería ter mencionado a sección de *‘Leopardo son’* que se titula “Femme Lazare”, esta moi especialmente. Todo flúe e todo permanece. Ou todo vai cara á nada e a palabra quere ser dique que reteña as augas para sempre. Non o sei. Para min a poesía é máis unha pregunta ca unha resposta.

En ‘Livro das devoracións’ hai tigres. E Bestas. E gatos. En ‘Leopardo son’ hai unha leoparda. En ‘Tempo fósil’ hai gatas... Ademais de que poidan gustarche os felinos, en todos estes libros hai algo, tamén, de reflexión sobre os humanos e a súa relación coa súa propia animalidade. En que sentido?

En *‘Tempo fósil’* hai felinos, mais sobre todo un can, que é todos os cans soterrados na horta. El é a voz poética de varios poemas, é o que vela faraóns. A miña visión máis precisa do humano en nós e da animalidade en nós está no poema ‘Variación 2’ do *‘Livro das devoracións’*: “o meu ser animal esquece e persevera”, “a miña face humana / nega-se ao instinto da reconciliación”. Os animais saben, viven na conformidade co que son (que non na resignación), posúen unha arte de vida que os humanos perdemos hai tempo, especialmente no Occidente.

‘Entre lusco e fusco’ é un poemario moi diferente dos demais, no fondo e na forma. Como o ves desde hoxe?

Como a pura adolescencia. É a poesía como coñecimento e auto-coñecimento, do eu coas súas torturas (con moito tremendismo adolescente) e do eu a descubrir un país e unha lingua, a adquirir unha ideoloxía e unha conciencia de clase... E é a influencia todopoderosa de Pablo Neruda e Celso Emilio Ferreiro, co soño inxenuo de poder achar na palabra unha faísca da súa luz.

A escrita dos poemas lévame ao Vigo do tempo da revolución portuguesa e do golpe de Estado contra Allende en Chile; a publicación do libro, á confabulación de amigos como Francisco Pillado Rivadulla con Seoane ou Díaz Pardo para o dar ao prelo, ás tertulias de exiliados na casa de Paco Pillado ou dos Dieste.